



## **O PRESIDENTE DA FGC ASISTE A REUNIÓN DO COMITÉ INTERAUTONÓMICO DA RFEC**

O pasado 26 de outubro desprazouse a Madrid o Presidente da Federación Galega de Caza para asistir a reunión do Comité Interautonómico da Real Federación Española de Caza. Este comité, que está composto por todos os Presidentes das Federacións Autonómicas, ten como misión principal marcar as pautas e a filosofía a seguir pola RFEC, así como coñecer polo miúdo as súas actuacións.

Nesta reunión abordáronse varios temas entre os que cabe destacar:

- Acordo Escola Española de Caza con Patrimonio Nacional. Fruto deste convenio a Escola de Caza da RFEC impartirá cursos a gardería destinada nas fincas do Estado.
- Estudio da xenética da perdiz rubia. O responsable deste asunto informou da situación actual do mesmo. Está constituída xa a comisión científica formada por persoas de relevancia neste campo, procedentes da Universidade de Oporto, Universidade de Zaragoza e Oficina da Caza de Francia, coordinadas pola RFEC. Xa acordaron o procedemento para este estudio científico, e pronto empezarán ca toma de mostras de perdices mediante un método aleatorio acordado. Estas mostras analizaranse, para obter o ADN, en laboratorios oficiais de recoñecido prestixio e farase a comparación con mostras de ADN doutras perdices que viviron fai aproximadamente 100 anos. Para maior rigor, o proceso estará controlado notarialmente. Está previsto que no ano 2007 se poida concluír o estudio.
- As rehalas nas diferentes autonomías. Estudíose a problemática das rehalas dende o punto de vista legal nas diferentes autonomías en canto a aplicación dunha normativa europea sobre animais.
- Situación da vacina do coello. Tras moitos anos de traballo e inversión neste asunto aínda non chegou o final. Neste momento están a piques de comezar as probas de campo novamente. Non se pode adiantar unha data de posible autorización pero a tenor do alí exposto non será antes de 2008.
- Gripe aviar. Estudíose este asunto nas diferentes Comunidades Autónomas e acordouse solicitar información as Federacións de Caza de Alemania e Belgica sobre como se está abordando alí este asunto, dado que con data 18 de agosto a Comisión Europea emitiu unha Decisión sobre este asunto que modifica outra do 2005 e que dalgunha maneira matiza e libera determinadas prácticas, algunha relacionada ca caza.
- Munición ecolóxica. Deuse a coñecer un amplo informe sobre a situación desta munición que está chamada a substituír o plomo, sen ter que cambiar a arma. As noticias son esperanzadoras, en especial para os cazadores de acuáticas que de non ser por este avance poderían ver dificultada a súa actividade no futuro pola prohibición do uso do plomo nas zonas pantanosas.
- Aves migratorias. Informouse de que nos órganos europeos encargados da caza existen informes feitos por grupos conservacionistas que propoñen restriccións, cando non a prohibición de cazar determinadas especies migratorias. Viuse a conveniencia de aportar a eses órganos europeos outros estudos sobre eses asuntos, xa que existen científicos que teñen unha visión diferente. Faranse xestións nese senso para que un grupo de técnicos traballen nese eido, e poder aportar ese estudio científico que o mellor sería complementario ou incluso contradictorio co existente, e poida ser tido en conta polos responsables europeos antes de dictar novas medidas.
- Escola Española de Caza. O Presidente da RFEC presentou o seu novo Director, Paxti Andiñón, quen agradeceu a labor do seu antecesor Jose Luis Garrido. Paxti propuxo o Comité nomear a Jose Luis Garrido Director Honorario da Escola, nomeamento que se aprobou por unanimidade. Nos próximos días Andiñón presentará o novo programa da Escola, e ofreceuse a facer esa presentación en cada autonomía.



- Experto en control de predadores. Esta figura que se desenvolveu na Escola de Caza, está chamada a ser moi importante na xestión cinexética. De feito varias comunidades autónomas están estudiando a posibilidade de incluír estas persoas nas propias leis de caza. E posible que a Escola edite un libro sobre este tema.

- No ámbito da competición abordáronse problemas que xurdiron o longo do ano no desenvolvemento das diferentes competicións. O Presidente informou que as competicións internacionais con probas de caza serán competencia de FEDECAT mentres que FITASC será a responsable de recorridos e recorridos en cancha. Acordouse igualmente que as Federaciones Autonómicas fixeran as súas propostas para organizar campionatos de España antes do día 8 de decembro.



**GABINETE DE COMUNICACIÓN  
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA**  
*[www.federaciongalegadecaza.com](http://www.federaciongalegadecaza.com)*